

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Florencio Delgado Gurriarán, a Valentín Paz-Andrade do 11/12/1955

Colección:

Data: 11/12/1955

De:

Florencio Delgado Gurriarán;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Guadalajara [nac. México] (local), Jalisco (estatal), México (nacional)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita:]

Localización física:Arquivo Familiar Paz Andrade

Temáticas:

Álbum de Galicia; Artes; Literatura; «El cementerio marino»;

Mencionados:

Castelao; Paul Valéry;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Florencio Delgado Gurriarán, a Valentín Paz-Andrade do 11/12/1955

Guadalaxara. Xal. 11 Nadal 1955

Sr. Don Valentín Paz-Andrade
Progreso 29-5^o izq.
Vigo

Benquerido amigo:

Coido lembrar que o enderezo de Progreso 29, que é o que teño do amigo Del Riego, é o do voso bufete e por eso encamiño a el esta coa esperanza de que chegue a ti.

Recebin a túa de Bogotá, a que contestei; supoñendo chegase a tempo a miña resposta xa que non me devolveron a carta, en troques, a que che escribera a México, na túa viaxe de fai un ano, devolvéronma. Tamén recebin o teu belo poema a Castela, confirmándoches o xuízo que me mereceu cando ti mo liches.

Xa vin a nota que me adicas en Valdeorras –supoño será túa-; gracias por ela, inda que agora son xa cinco os paxariños e Guadalajara, e non Monterrey, é a segunda cidade da República. Supoño que tamén será túa a nota que acompaña a interesantísima foto de Noriega e Valcarce, folgoume esa lembranza do noso poeta e a ver cando publicades unha escolma dos seus poemas. Pra outra enviareiche a tradución de O Cimiterio Mariño de Valery.

¿Voltarás por esta algún día? Moito o quixera para poder falar longo da Terra.

Dementre non deixes de escriberme, carta longa, pois teño fame de saber de vosoutros, de Valdeorras e de Galicia.

Un garimoso saúdo á túa dona e fillo de todos nos e unha forte aperta para ti, con lembranzas de miña dona e rapaces

Florencio Delgado Gurriarán

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.